



# CONCELLO DE TOURO

## ANUNCIO:

Polo Concello de Touro precísase realizar a contratación de dous condutores do tractor forestal, para a realización de traballos de prevención de incendios forestais, mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

### Requisitos:

- Estar en posesión do permiso que habilite para a conducción do tractor forestal ou agrícola.
- Os demais requisitos establecidos na lexislación para o acceso ao emprego público.

### Características do contrato:

- Tipo: contrato de duración determinada (obra ou servizo).
- Duración: 6 meses.
- Xornada: completa.

**Solicitudes:** presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte á publicación do presente anuncio.

Coa solicitude presentaranse a acreditación dos méritos que aleguen os aspirantes para a súa contratación.

Touro, 15 de maio de 2020.

O alcalde, Asdo.:

Ignacio Codesido Barreiro.



Aprobación bases de tractoristas para rozas vías prevención incendios forestais:

**“Primeira.-** As presentes bases teñen por obxecto a contratación de dous condutores para o tractor forestal, para a realización de traballos de prevención de incendios forestais, mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficie forestais de titularidade municipal, coas seguintes características contractuais:

- Tipo de contrato: obra ou servizo de duración determinada.
- Xornada: 8 horas.
- Duración: 6 meses.
- Salario bruto mensual: 1.350 euros.

**Segunda.-** O procedemento de contratación será o seguinte:

a) Convocatoria mediante anuncio a publicar en un dos periódicos de maior tirada da comarca páxina Web do Concello.

b).- Para participar na convocatoria os candidatos deberán estar en posesión do permiso de conducir que habilite para a conducción do tractor forestal ou agrícola e cumprir os requisitos establecidos na lexislación para o acceso ao emprego público.

c) A selección farase mediante valoración de méritos, entrevista persoal, e proba práctica, que se celebrará na Casa do Concello no día e hora que será comunicado persoalmente a cada un dos aspirantes e na que se valorarán os méritos alegados conforme aos seguintes criterios:

1. Por experiencia demostrada en prevención e extinción de incendios forestais na conducción de vehículos motobomba ou tractor forestal, xa sexa por contratos coa administración pública ou con empresas privadas: a razón de 0,25 puntos por mes traballado, ata un máximo de 5 puntos.

2.- Cursos e diplomas: ata un máximo de 1 punto.

Na entrevista valoraranse os seguintes méritos.

a). Por coñecemento do medio: ata un máximo de 3 puntos. A Comisión valorará o coñecemento que o candidato teña do Concello, formulando preguntas expresas sobre a xeografía municipal, localización de núcleos, lugares, rede viaria, situación masas forestais e outras que poñan de manifesto o coñecemento que o candidato ten do municipio de Touro.

b). Por iniciativa e interese demostrado no traballo a realizar: ata un máximo de 0,5 puntos.

Valoraranse as posibles propostas de actuación en relación co traballo a realizar e a actitude.

c).- Por dispoñibilidade: ata un máximo de 0,5 puntos. Valorarase a predisposición do candidato en relación co traballo a realizar e a súa dispoñibilidade horaria.

d) Solicitudes e data de celebración da entrevista:

As solicitudes presentaranse o rexistro xeral do Concello no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte o anuncio correspondente . A data de celebración da entrevista e proba comunicaranse telefonicamente a cada candidato.

Coas solicitudes presentaranse acreditación dos méritos que aleguen os aspirantes para a súa contratación.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Aqueles candidatos que superen a fase inicial con mais de 6 puntos terán que realizar unha proba práctica de condución do tractor, no que se poida comprobar a capacidade do candidato no manexo do mesmo por parte dos candidatos, que será determinada polo tribunal e que terá como mínimo tres probas de carácter independente unha das outra.

A proba puntuaranse con un máximo de cinco puntos.

Quedarán seleccionados os dous aspirantes que obteñan maior puntuación, quedando os demais en reserva pos posibles baixas durante a duración do contrato.

O Concello e o Tribunal adoptaran todas as medidas que sexan necesarias para preservar a saúde do tribunal e dos aspirantes en correspondencia coa situación de estado de alarma pola crisis do COVID -19.

Terceira.- A Comisión de selección estará formada polos membros seguintes:

Titulares:

- Presidente: D. Jesús-José Reboredo González.
- Vocal.....María Nieves González Mujico, educadora social.
- Vocal.....Eladio Martínez Quintas, Operario servicios varios.
- Secretario...José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo.

Suplentes: Serán nomeados polo Alcalde-Presidente no suposto de que existan baixas dos titulares.

Cuarta.- As presentes bases teñen carácter administrativo e o procedemento de selección sométese aos principios do dereito administrativo.

Quinta.- A Contratación corresponderá o Sr. Alcalde conforme o establecido na normativa vixente.

O ALCALDE,  
Asdo .- Ignacio Codesido Barreiro.-

